

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2011

Rede Museística da Deputación de Lugo

Museos sen límites, museos posibles

A áreas de Cultura, Turismo e Benestar Social da Deputación de Lugo a través dos catro museos integrados na Rede Museística da Deputación de Lugo, e mais concretamente, do Departamento de Accesibilidade e Capacidades Diferentes, conmemoran o *Día Mundial da Discapacidade 2011* cunha serie de actos e actividades cos que se pretende concienciar e fomentar na sociedade a integración das persoas que por moi diversas razóns precisan dunha discriminación en positivo. Para que non haxa límites para ninguén, para que todo sexa posible para todos e todas.

PROGRAMA

Luns, 28 de novembro de 2011, ás 12:30 horas

Presentación de "*Museos posibles*" (<http://museosposibles.wordpress.com>), un blog colaborativo sobre accesibilidade e capacidades diferentes.

Nesta presentación participarán un grupo de persoas con discapacidade, voluntarios colaboradores coa Rede Museística.

Sábado, 3 de decembro: Día Mundial da Discapacidade 2011

Oídos que ven: Visitas guiadas telefónicas desde os catro museos da Rede para todos os usuarios con discapacidade que non poidan acudir.

É imprescindible a concertación previa mediante chamada telefónica ao museo que desexe visitar.

Proxección sobre a discapacidade

O sábado, 10, e o domingo, 11 de decembro, proxectaranse nos catro museos da Rede (películas e curtametraxes do *IV Festival Internacional de cine sobre a discapacidade*, organizado pola Fundación Anade. Os títulos a proxectar son: *Som Taujá*, *Pianola*, *Flores de papel* e *7 días*.

Proxeccións:

Sábado, 10 de decembro, ás 19:00, en todos os museos da Rede, dobre sesión: Proxección de "*Flores de Papel*", dirixida por Luis Vil, e a curtametraxe "*Som Taujá*", dirixida por Borja Zausen.

Domingo, 11 de decembro, ás 19:00, dobre sesión: Proxección da película "*7 Dias*" e a

curtametraxe "Pianola", dirixido por Rosa Izquierdo e Guillermo Roqués.

Nota: no MPLugo o pase será ás 12:00 horas.

Obradoiros

1.- Arte e parte: O desafío de voar coas propias ás: Obradoiro de sensibilización para todo tipo de públicos.

Imparten a psicóloga e especialista en Arte-Terapia, **Adriana Pazos Ottón**, directora de *Aulaideas*, e **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística.

Calendario

Día 6 de decembro, no Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo.

Día 8 de decembro, no Museo San Paio de Narla, Friol.

Día 9 de decembro, no Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos.

Día 17 de decembro, no Museo Provincial de Lugo.

2.- Obradoiro de Fotografía para cegos, percorrendo os catro museos da Rede.

Imparten **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística, unha terapeuta e varios fotógrafos lucenses.

O 3 de xaneiro de 2011 ábrese o prazo para inscribirse neste obradoiro. As datas de realización fixéranse en función do número de demandantes.

Teatro inclusivo

Representacións da obra "O médico a paos" nos catro museos, polo grupo de teatro Pinchacarneiro. Calendario de representacións:

Día 12 de xaneiro, ás 19:30 h., no Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo.

Día 13 de xaneiro, ás 19:30 h., no Museo San Paio de Narla, Friol.

Día 18 de xaneiro, ás 19:30 h., no Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos.

Día 19 de xaneiro, ás 19:30 h., no Museo Provincial de Lugo.

Exposicións

VI Premio Internacional Fotográfico sobre Discapacidade: Fundación ANADE.

Refeitorio do Museo Provincial de Lugo (do 5 ao 20 de decembro de 2011)

Inauguración e entrega de premios: luns, 5 de decembro, ás 11:00 horas.

De Marbella a Torremolinos. Imaxes de manicomio. Fotografías de **José Reigosa** (do 28 de decembro de 2011 ao 29 de febreiro de 2012). Sala de exposicións Pazo de San Marcos (sede da Deputación). Inauguración: 28 de decembro, ás 20:00 horas.

Máis información e contactos cos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo:

Museo Provincial de Lugo

Tfno.: 982 24 21 12 / info@museolugo.org

Museo Etnográfico de San Paio de Narla

Tfno.: 982 37 51 56 / sanpaiodenarla@museolugo.org

Museo Provincial do Mar

Tfno.: 982 59 45 72 / museodomar@museolugo.org

Museo Pazo de Tor

Tfno.: 982 165 534 / pazodetor@museolugo.org

Xerencia: Tfno.: 620 280 203 / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

<http://www.museolugo.org>